



## PROGRAMA DE TECNIFICACIÓN DE ALPINISMO

### **NOVA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INGRESO NO EQUIPO DE NOVOS E NOVAS ALPINISTAS GALEGOS/AS**

A Federación Galega de Montañismo abre unha **nova convocatoria** para incorporarse ao **Programa de Tecnificación de Novos Alpinistas (PTNA)** e formar parte do **Equipo de Novos e Novas Alpinistas Galegos/as (ENAG)**.

A historia do alpinismo en Galicia deixou ao longo do século pasado múltiples proxectos individuais e esforzos colectivos que viñeron construíndo o relato do alpinismo galego. Moita xente implicada en xestas individuais que puxeron este deporte no mundo, que nos abriron fronteiras a algúns dos que viñamos detrás para que puideramos saber que aquilo era posible; pero alén deses proxectos persoais fixeron outro traballo máis descoñecido, máis en comunidade, favorecido polos nosos clubs, acompañados por persoas case anónimas fóra dese mundiño, impulsando as bases, fomentando o progreso e a evolución deportiva, altruísticamente e implicados en desenvolver un deporte de montañas onde estas escasean, comprometidos cunha paixón para construír o que somos hoxe como comunidade alpinística.

Nos últimos dous anos desenvolvemos un Programa de Tecnificación que ven de rematar no 2022, os grupos de traballo de novos e novas deportistas deben incluírse dentro destes programas federativos, para os que compre contar cunha planificación elaborada acorde a un itinerario deportivo individual, co asesoramento de técnicos con experiencia e co máximo apoio económico e material posibles, co obxectivo de modernizarse traballando ao nivel que o están facendo outras federacións autonómicas desde hai tempo, e según demanda a FEDME para os seus equipos absolutos de alpinistas, tanto masculino como feminino; coa posta en marcha deste seguinte **Equipo de Novos e Novas Alpinistas Galegos (ENAG)** imos continuar sementando para situarnos no deporte de alto nivel e, a modiño, ir subindo os chanzos que nos moven polos cumios das montañas do mundo.

Se tes un ánimo de rendemento físico e técnico na práctica da escalada, esquí de montaña (ou alpino), montañismo invernal ou alpinismo, se estás motivado/a e te sentes atraído/a polos deportes de montaña, só tes que enviarnos o teu currículo deportivo e participarás na selección de deportistas que se desenvolverá a partir de febreiro do 2023, e que culminará nunhas **Probas Selectivas**, en dúas fins de semana durante os meses de febreiro e abril (neve e rocha). Despois desta actividade a area de Alpinismo da FGM seleccionará a 4 deportistas que se integrarán no PTNA e formarán o Equipo de Novos/as Alpinistas Galegos durante os próximos dous anos.

Non te sintas intimidado... a nosa experiencia indicanos que a gran maioría dos mozos/as que se presentan proveñen da escalada deportiva. Na FGM somos conscientes da realidade dos montañeiros/escaladores galegos/as, a falta de experiencia nalgúns campos vén sendo habitual e non debe desmotivarte, participa e descubrirás que este deporte ten a beleza de competir contra un mesmo e a grandeza de ocultar praceres que só se atopan na liberdade dos grandes espazos, Participa se queres avanzar no mundo da escalada e da aventura, descubriendo novos aspectos do mundo

# FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

## Vogalía de Alpinismo

R/ Fotógrafo Luis Ksado, 17 - Ofic. 10 36209 - Vigo

T. (+34) 986 208 758 - alpinismo@fedgalmon.gal



vertical e, porém, abranguendo un universo moito máis completo e enriquecedor do que ás veces imaxinamos.

### CONDICIÓN PARA PARTICIPAR

- ✓ Ter entre 18 e 30 anos e dispor da tarxeta federativa da FGM en vigor (mínimo mod. B)
- ✓ Enviar currículo deportivo e breve currículo persoal en prazo.
- ✓ Participar nas Probas Selectivas. As probas serán gratuítas pero os deportistas correrán cos seus gastos.

### INSCRICIÓN

Enviar o currículo deportivo e un breve currículo persoal a [alpinismo@fedgalmon.gal](mailto:alpinismo@fedgalmon.gal) e [directortecnico@fedgalmon.gal](mailto:directortecnico@fedgalmon.gal)

**O prazo para enviar o curriculum remata o 27 de xaneiro.**

### VALORACIÓNS XERAIS

- ✓ Escollerase a un máximo de 10 deportistas para realizar a selección definitiva. Valoraránse os currículos deportivos e, se fose necesario, realizarase unha entrevista persoal.
- ✓ Darase prioridade á formación dun equipo mixto (formado por mozos e mozas)
- ✓ Valorarase o nivel de escalada en deportiva e en rocha, a experiencia en montaña estival e invernal, a progresión en terreo vertical, e os coñecementos de esquí alpino e de montaña.
- ✓ O compromiso deportivo de formar parte do ENAG será de dous anos.

### INFORMACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

- ✓ Data e lugar: dous fins de semana:
  - × 4 e 5 de febreiro. Peña Ubiña, León.
  - × 22 e 23 de abril, Hoces, León.
- ✓ Prazas: seleccionárase un máximo 10 aspirantes, dos que só 4 formarán parte do ENAG.
- ✓ A FGM subvencionará o custe das probas, excepto os gastos individuais de cada participante.
- ✓ Cada deportista terá que vir equipado con todo o seu material deportivo individual. Despois da primeira selección dos 10 deportistas farase unha reunión previa para informar do material mínimo necesario dos participantes e coordinar as probas.
- ✓ Contidos a valorar e traballar: escalada en rocha (optimización da velocidade/seguridade), técnicas de progresión e seguridade en montaña invernal e estival, montaxe de reunións, selección de material axeitado, seguimento e avaliación de itinerarios en terreo alpino.